

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA
E A ASOCIACIÓN DE VIVENDAS TURÍSTICAS DE GALICIA (AVITURGA)
PARA A FORMACIÓN DE MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS PARA
VIVENDAS DE USO TURÍSTICO EN GALICIA.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia (AVITURGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e AVITURGA para o desenvolvemento dunha campaña formativa para sensibilizar, formar e apoiar aos propietarios de vivendas de uso turístico en Galicia, con independencia de que estean ou non asociados, coa realización das seguintes accións:

1. WEBINARS formación requisitos covid-19 para VUTs:

Habilitación dunha sección na web da asociación con información sobre o procedemento para inscribirse na formación sobre os requisitos covid-19 para propietarios de VUTs

A capacidade máxima das webinars será de 75 asistentes e a duración de 90 minutos.

O contido será:

- Explicación polo miúdo do protocolo ICTE específico para VUTs
- Sensibilización en hixiene e desinfección
- Información sobre a desescalada



- Recomendacións para comercializar as VUTs nas plataformas dixitais para reforzar a imaxe de Galicia como un destino ideal que ofrece seguridade, confianza e calidade post covid-19

Organizaranse ata 100 webinars para atender as máis de 10.000 VUTs inscritas no REAT.

Insertarase publicidade sobre as mesmas nas redes sociais e medios de comunicación.

2. Manuais dixitais dispoñibles na web da asociación e nas redes sociais, con protocolo ICTE específico para VUTs, información regulación desescalada en Galicia para informar aos turistas, e recomendacións á hora de comercializar as VUTs nas plataformas dixitais para reforzar a imaxe de Galicia como un destino ideal que ofrece seguridade, confianza e calidade post covid-19.

3. Servizo de atención telefónica para obter o certificado de formación covid-19, para os propietarios que non poidan participar nas webinars habilitarase un procedemento de atención telefónica sobre requisitos covid-19 con cita previa.

Atenderanse ata 200 chamadas telefónicas por provincia cunha duración de 60 minutos. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos

Segundo.- AVITURGA é unha asociación sen ánimo de lucro representativa da figura aloxativa da vivenda de uso turístico en Galicia, que representa aos propietarios de máis



de 10.000 vivendas de uso turístico, das cales o 87% son particulares que xestionan unicamente unha propiedade, a diferenza co resto de comunidades autónomas.

Conta cunha Escola de Anfitrións para organizar iniciativas formativas que garantan que os propietarios de vivendas de uso turístico de Galicia son coñecedores das novidades normativas que se esixirán relacionadas coa limpeza, hixiene e outras medidas de distanciamento social na súa relación cos hóspedes nacionais e internacionais na inminente tempada estival 2020.

Terceiro.- A crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Na medida 28, de apoio ao tecido empresarial e ao mantemento do turismo, contéplase o apoio á adecuación hixiénico-sanitaria para establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos. Esta medida pretende facilitar a adaptación dos establecementos aos requisitos esixidos nos protocolos hixiénico-sanitarios. A achega pública a este proceso de adaptación pretende limitar a carga financeira que pode supoñer para a cadea de valor do sector turístico. Favorecerá a adquisición de equipamentos e preparación de espazos para adoptar medidas en establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos.

Cuarto.- Que a través deste convenio, outórgase á AVITURGA unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

